



MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

---

## CONVOCATORIA PROXECTOS / ANEXO 2017

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

---

### OBXECTO DO CONCURSO

O MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, lanza unha convocatoria aberta para a programación do Anexo 2017, sala de proxectos ubicada no vestíbulo principal do museo.

Este lugar tivo diferentes usos dende a apertura do MARCO en 2002, principalmente como espazo de tenda-librería, ata o ano 2014. Dende xaneiro de 2015 funciona como sala de proxectos (recuperando o espírito do anterior Espazo Anexo na praza peonil posterior).

Seguindo un dos signos distintivos do MARCO, a liña de programación do actual Anexo pon especial énfase na produción propia: trátase de proxectos específicos para este espazo, formulados como ciclos de exposicións como parte dun mesmo comisariado, con periodicidade anual. O Anexo acolleu ata o momento os ciclos de exposicións “Intertextual” (2015) e “Problemáticas” (2016).

O Anexo é un espazo que dispón dunha situación privilexiada no vestíbulo do MARCO, con acceso independente das outras salas do edificio e como lugar de tránsito entre o Museo e outros servizos, o que permite afrontar novos usos.

Esta convocatoria ofrece a oportunidade de programar a actividade do Anexo entre marzo de 2017 e xaneiro de 2018.

### PROPOSTA/PROCEDEMENTO

A proposta haberá de inscribirse dentro do campo do pensamento contemporáneo e queda aberta a todas as formas de creación e á participación de axentes de toda nacionalidade e idade con residencia en Galicia.

A programación do Anexo durante este período non ten que circunscribirse necesariamente a un ciclo de exposicións. A utilización do espazo quedará definido polo tipo de proposta que se desenvolva durante o proxecto, que pode prever tanto momentos ou fases de apertura ao público como procesos internos ou a porta pechada. O calendario definitivo da programación establecerase sempre de acordo co persoal do MARCO.

A orixinalidade da tese defendida e a pertinencia das referencias propostas serán determinantes na selección do proxecto gañador. Valoraranse positivamente propostas experimentais de carácter colaborativo (con comunidades, grupos sociais, participantes multidisciplinares, etc.), especialmente se teñen un compoñente educativo e que poidan establecer redes de colaboración entre diferentes axentes da cidade.

A versión definitiva do proxecto seleccionado, así como os seus colaboradores, se elaborará e formalizará en estreita colaboración cos departamentos de exposicións e comunicación do MARCO.

O proxecto gañador disporá dun orzamento máximo de 18.000€ para o desenvolvemento do proxecto.

O proxecto presentarase no Anexo durante todo o período comprendido entre marzo de 2017 e xaneiro de 2018.

## CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Poderanse presentar ao concurso axentes ou colectivos residentes en Galicia. Se a proposta se orixina dende un colectivo, haberá de nomearse a unha persoa que actuará en calidade de representante. Non se poderá presentar máis dun proxecto por persoa/axente ou colectivo.

## DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA:

A documentación requirida deberá presentarse obrigatoriamente NUN ÚNICO ARQUIVO (formato PDF, máximo 5MB).

### Documentación administrativa

- Nome, domicilio, teléfono e correo-e
- Curriculum Vitae abreviado
- Fotocopia do documento de identidade ou pasaporte

### Proxecto

- Título
- Resumo detallado en lingua galega e/ou castelá (3 páxinas máximo)
- Listaxe provisional das obras/accións/obxectos/propostas presentadas, se fose preciso con imaxes incluídas no PDF ou enlaces directos a estas (tamén incluídos no PDF)
- Orzamento provisional do proxecto
- Cronograma de desenvolvemento do proxecto

## ENVÍO/PRAZO LÍMITE PRESENTACIÓN

A documentación enviarase NUN ÚNICO ARQUIVO (formato PDF) ao seguinte enderezo: [info@marcovigo.com](mailto:info@marcovigo.com), especificando no asunto do e-mail "Convocatoria Anexo 2017". Desde o MARCO confirmarase por correo electrónico a recepción de cada un dos proxectos.

O prazo límite para a presentación dos proxectos é o 28 de xullo de 2016. Non se aceptarán proxectos recibidos con posterioridade a esta data.

## COMITE DE AVALIACIÓN/FALLO DO PREMIO

O comité avaliador dos proxectos presentados está composto por Mela Dávila, directora de programas públicos do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía; Julio Gómez, codirector de Sinsalaudio; Sören Meschede, membro de hablarenarte; e Agar Ledo, responsable de exposicións do MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

O comité seleccionará a comezos do mes de setembro de 2016 o proxecto gañador e ata tres suplentes. A resolución do comité farase pública sempre antes do 30 de setembro e comunicarse a todos os participantes por correo electrónico. A decisión do comité será inapelable. Se o comité así o estimase, o concurso poderá ser declarado deserto. Os criterios de valoración das propostas terán en conta a calidade e a innovación do proxecto de investigación, así como a súa viabilidade. O comité non dará valoracións individuais a cada participante sobre o seu proxecto.

## ACEPTACIÓN DO PREMIO

Establécese un prazo de 10 días laborables para a aceptación do premio por escrito. Unha vez pasado este prazo, o premio concederáselle ao primeiro suplente.

## **FUNCIÓN DO/A GAÑADOR/A**

O/a responsable do proxecto gañador asinará un contrato coa Fundación MARCO que o/a compromete a atender as obrigas inherentes ao seu labor, e en especial, a execución específica do concepto do proxecto. En función das necesidades do seu proxecto, haberá de indicar, entre outras: o deseño da proposta, o cronograma da mesma, as accións previstas, participantes, e axentes implicados.

O proxecto gañador servirá de base de traballo ao/á gañador/a, que formalizará a proposta definitiva en diálogo co equipo do MARCO.

## **ORZAMENTO**

Destinarase un orzamento máximo de 18.000€ (impostos incluídos) para a produción e execución da proposta, incluído toda remuneración ou honorarios pola dirección do proxecto. O/a gañador/a deberá tomar en consideración este marco orzamentario na elaboración do proxecto.

O orzamento deberá incluír:

- Gastos derivados da produción e honorarios das/os participantes
- Gastos de seguro, transporte de obras (en caso de que as houberse) e materiais
- Gastos de desprazamento e aloxamento das/os participantes
- Gastos de montaxe e acondicionamento das salas

A Fundación MARCO asume, ademais:

- Gastos de impresión de material promocional de prensa, difusión e publicidade
- Persoal técnico de montaxe
- Equipamento técnico audiovisual e mobiliario básico

## **ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación neste certame supón a total aceptación destas bases.

A organización resérvase o dereito de resolver, na forma en que considere oportuna, calquera situación non prevista nestas bases.

## **INFORMACIÓN ADICIONAL**

Pódese descargar o plano do ANEXO 2017 na páxina web do MARCO ([www.marcovigo.com/actividades](http://www.marcovigo.com/actividades)) ou ben solicitalo en: [info@marcovigo.com](mailto:info@marcovigo.com)

Para calquer dúbida ou cuestión relacionada na presentación dos proxectos, contactar no mesmo enderezo electrónico [info@marcovigo.com](mailto:info@marcovigo.com)